

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 28 de decembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Resolución do 27 de maio de 2009, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 da Resolución do 27 de maio de 2009, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009, procédese á publicación das subvencións concedidas de contía igual ou superior a 3.000 euros.

Finalidade da axuda: as axudas teñen como finalidade a subvención dos gastos correntes, incluídos os custos indirectos de acordo co artigo 29.9º da Lei de subvencións de Galicia, e os gastos de equipamento que se lles orixinen ás entidades ás cales se lles conceda a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5 da Resolución do 27 de maio de 2009.

Norma reguladora: Resolución do 27 de maio de 2009, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009 (DOG nº 106, do 2 de xuño e Resolución do 2 de novembro pola que se amplía o prazo de xustificación (DOG nº 219, do 9 de novembro).

Aplicación orzamentaria: 40.50.312C.481.0 e 40.50.312C.781.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Crédito orzamentario: 522.958 € na aplicación orzamentaria 40.50.312C.481.0 e 40.000 € na aplicación orzamentaria 40.50.312C.781.0

Entidades beneficiarias da subvención cunha contía igual ou superior a 3.000 € e importe da axuda concedida a cada unha delas expresado en euros, que figuran no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

P.S. (Decreto 325/2009, do 18 de xuño)

José Antonio Villamayor Filloy

Subdirector xeral de Coordinación, Contratación e Xestión Orzamentaria

ANEXO

Nome da entidade	Subvención concedida		
	Gastos correntes (€)	Gastos de equipamento (€)	Total (€)
ACCEM	7.040	3.000	10.040
Alento-Asociación de Dano Cerebral de Vigo	6.480	0	6.480
Asociación Alar Galicia	1.700	1.500	3.200
Asociación Antonio Noche	4.860	0	4.860
Asociación Dignidad Lugo	10.260	0	10.260
Asociación Emprende Ourense	5.950	2.500	8.450
Asociación Galicia Inxenía	4.540	1.000	5.540
Asociación Plataforma polo Emprego	7.940	0	7.940
Asociación Red Madre Pontevedra	6.365	0	6.365
Asociación Rexurdir de Actividades Sociais	5.570	0	5.570
Asociación Sociocultural Formación y Empleo (ASFEM)	53.411	1.000	54.411
Asociación Xarela Formación-Animación	5.035	0	5.035
Cáritas Diocesana de Lugo	34.216	0	34.216
Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol	10.350	0	10.350
Cáritas Diocesana de Ourense	27.840	2.275	30.115
Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela	16.830	10.400	27.230
Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas	3.590	0	3.590
Colegio Hogar Santísima Trinidad	31.668	3.225	34.893
Comité Cidadán Antisida de Ourense	10.495	0	10.495
Cruz Vermella Española Galicia	29.800	3.000	32.800
Ecodesarrollo Gaia ONGD	14.455	1.000	15.455
Ecos do Sur ONGD	35.835	0	35.835
Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia	2.255	750	3.005
Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao	4.160	0	4.160
Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense	5.035	0	5.035
Fillas do Divino Celo-Rogacionistas	23.370	0	23.370
Fundación Anduriña	4.560	0	4.560
Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	3.430	0	3.430
Fundación de Estudios e Análisis (FESAN)	4.080	0	4.080
Fundación Érguete-Integración	4.655	1.500	6.155
Fundación para Desarrollo de la Empleabilidad y la Formación (FUNDEFEO)	3.875	1.500	5.375
Fundación Radio Ecça	10.430	0	10.430
Fundación Rosel	4.080	0	4.080
Fundación Secretariado Gitano	8.670	0	8.670
Igaxes 3	4.645	0	4.645
Médicos del Mundo-Galicia	19.908	0	19.908
MITA ONG Centro de Desarrollo de Iniciativas Empresariales	3.480	750	4.230
ONGD Equus Zebra	11.330	0	11.330
R.R. Adoratrices	19.665	1.100	20.765
Red Araña, Tejido de Entidades Sociales por el INEM	5.450	0	5.450
Unión Xeral de Traballadores de Galicia	6.855	1.000	7.855
Voluntarias de la Caridad San Vicente de Paul	17.755	0	17.755

Resolución do 28 de decembro de 2009 da Secretaría Xeral da Emigración pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Resolución do 29 de maio de 2009 pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gal-

cia, e no artigo 10 da Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009, procédese á publicación das subvencións concedidas de contía igual ou superior a 3.000 euros.

Finalidade da axuda: as axudas teñen como finalidade a subvención dos gastos correntes que se lles orixinen aos concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais aos cales se lles concede a subvención para a realización dos programas previstos no artigo 5 da Resolución do 29 de maio.

Norma reguladora: Resolución do 29 de maio de 2009, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009 (DOG nº 109, do 5 de xuño) e Resolución do 1 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da resolución anterior (DOG nº 198, do 8 de outubro) e Resolución do 4 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo de xustificación (DOG nº 221, do 11 de novembro).

Aplicación orzamentaria: 40.50.312C.460.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2009.

Crédito orzamentario: 441.165 € na aplicación orzamentaria 40.50.312C.460.0.

Entidades locais beneficiarias da subvención cunha contía igual ou superior a 3.000 € e importe da axuda concedida a cada unha delas expresado en euros, por orde alfabética, que figuran no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2009.

P.S. (Decreto 325/2009, do 18 de xuño)

José Antonio Villamayor Filloy

Subdirector xeral de Coordinación, Contratación e Xestión Orzamentaria

ANEXO

Entidade local	Contía subvención concedida
A Estrada	4.682
Ames	22.914
Arteixo	12.706
Betanzos	8.863
Burela	18.981
Caldas de Reis	9.496
Cambre	4.833
Cangas	10.167
O Carballiño	6.517
Carballo	12.706
Consortio das Mariñas	17.887

Entidade local	Contía subvención concedida
Culleredo	15.312
Ferrol	5.200
Lalín	17.887
Lugo	15.312
Mancom. Comarca Ordes	15.312
Mancomunidade Terra de Celanova	12.706
Marín	14.461
Mos	11.782
Negreira	6.517
Nigrán	12.706
Ordes	12.475
Poio	4.984
Redondela	5.500
Ribadeo	10.167
Ribeira	12.475
Santiago	11.846
Sarria	4.984
Tui	9.496
Verín	18.981
Vigo	29.848
Vilaboa	12.475
Viveiro	16.065
Xinzo de Limia	20.672

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 30 de decembro de 2009 pola que se conceden as axudas para o ano 2009 da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación (Programa I3) da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia con destino aos centros de I+D sen ánimo de lucro convocadas na Orde do 12 de novembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 227, do 19 de novembro).

A orde da Consellería de Innovación e Industria do 26 de xaneiro de 2006 (DOG nº 24, do 3 de febreiro), aproba as bases reguladoras da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación (Programa I3) da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia con destino aos centros de I+D sen ánimo de lucro. Por orde da Consellería de Economía e Industria do 12 de novembro de 2009 (DOG nº 227, do 19 de novembro), abriuse o prazo de solicitudes para o ano 2009 da liña de incorporación estable do Programa de incentivación da incorporación e intensificación (Programa I3) da actividade investigadora na Comunidade Autónoma de Galicia con destino aos centros de I+D sen ánimo de lucro.

Conforme o disposto no artigo 9 da orde de bases reguladoras (DOG nº 24, do 3 de febreiro de 2006) e artigo 11 da orde da Consellería de Economía e Industria do 12 de novembro de 2009 (DOG nº 227, do 19 de novembro), a comisión de avaliación procedeu á revisión das solicitudes.

Tendo en consideración que a única solicitude que hai que ter en conta nesta convocatoria é a corres-